



FACULTADE DE FILOLOXÍA
FACULTADE DE XEOGRAFÍA E HISTORIA

**MÁSTER OFICIAL
ESTUDOS MEDIEVAIS EUROPEOS: IMAXES,
TEXTOS E CONTEXTOS**

**Sociedade Medieval
e
Cultura Cortés**

Pilar Lorenzo Gradín
Diana Pelaz Flores
Rosa M. Rodríguez Porto
José António Souto Cabo

**GUÍA DOCENTE E MATERIAL DIDÁCTICO
2024/2025**

FACULTADE DE FILOLOXÍA. FACULTADE DE XEOGRAFÍA E HISTORIA

AUTORES: Diana Pelaz Flores, Pilar Lorenzo Gradín, Rosa M. Rodríguez Porto, José António Souto Cabo.

Edición electrónica 2024.

ADVERTENCIA LEGAL: Reservados todos os dereitos. Fica prohibida a duplicación total ou parcial desta obra, en calquera forma ou por calquera medio (electrónico, mecánico, gravación, fotocopia ou outros) sen consentimento expreso por escrito dos autores.

DATOS DESCRIPTIVOS DA MATERIA

- Nome e código:** Sociedade Medieval e Cultura Cortés, P5091203.
- Tipo de materia:** Optativa.
- Número de créditos teóricos e prácticos:** A materia consta de 6 créditos ECTS, equivalentes a 150 horas de traballo do alumno. Deste conxunto, 75 horas (50%) dedicaranse a traballo dirixido polos profesores e as outras 75 horas (50%) a traballo libre por parte dos estudiantes. As horas de traballo dirixido distribuiranse en 45 de actividades formativas presenciais (o que supón 30% do traballo total) e 30 de actividades dirixidas non presenciais.

Cuadrimestre: 2º.

Prerrequisitos recomendados: Capacidade para ler nalgunha lingua estranxeira de uso común na produción científica.

Cronograma:

Horario: 16:00-17:45 h.

Marzo: 5, 10, 11, 12, 17, 18, 19, 24, 25, 26, 31.

Abril: 1, 2, 7, 8, 9, 21, 22, 23, 28, 29.

Profesores que a imparten (indicando a área de coñecemento a que están adscritos). A materia será impartida por catro profesores da Universidade de Santiago:

Tema 1: Dra. Diana Pelaz Flores (Área de Historia Medieval) (1,5 créditos).

Facultade de Xeografía e Historia (diana.pelaz@usc.es).

Tema 2: Dra. Rosa M. Rodríguez Porto (Área de Historia da Arte) (1,5 créditos).

Facultade de Xeografía e Historia (rosa.rodriguez.porto@usc.es).

Tema 3: Dra. Pilar Lorenzo Gradín (Área de Filoloxía Románica) (1,5 créditos).

Facultade de Filoloxía (pilar.lorenzo@usc.es).

Tema 4: Dr. José Antonio Souto Cabo (Área de Filoloxía Galega e Portuguesa) (1,5 créditos). Facultade de Filoloxía. (joseantonio.souto.cabo@usc.es).

Corresponden cinco sesións a cada docente, ficando unha hora para unha actividade convxunta ou doutra natureza.

Lingua(s) en que se imparte: galego, castelán.

Horario e lugar de titorías. O horario que se estableza estará suxeito aos compromisos académicos de cada un dos profesores; se houber algúin cambio, seralles comunicado aos alumnos durante o desenvolvemento do curso. Deben consultar o horario de titorías no sitio web correspondente.

Páxina web recomendada: <http://www.usc.es/filrom/teaching/master/>

SENTIDO DA MATERIA NO PROCESO FORMATIVO DO MÁSTER

A materia cobre un aspecto fundamental na cultura medieval, xa que trata das principais características da cultura cortés, que se abordan a partir de diferentes parámetros. Na materia ofrecerase, en concreto, unha introdución histórica e a análise das manifestacións escritas e visuais dos tópicos principais dunha cultura que, aínda que nace na corte, non se circunscribe exclusivamente ao ámbito laico, mais que abarca tamén o eclesiástico.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DA MATERIA

- Potenciar unha aproximación crítica ao fenómeno da sociedade estamental e aos variados sistemas de construcción dun ideario nobiliario tardomedieval.
- Dotar o alumnado dun coñecimento crítico sobre a figura do cabaleiro por medio de exemplos que expresen a súa coraxe, virtude e honra.
- Potenciar un achegamento crítico ao carácter representacional das manifestacións visuais relacionadas coa liñaxe e a memoria cultural na sociedade tardomedieval.
- Dotar o alumnado de ferramentas críticas e de análise para abordar a interpretación da literatura cortés, tanto na súa vertente amorosa como satírica.
- Dotar o alumnado de modelos analíticos para a abordaxe dos discursos visuais sobre a estrutura do tempo e os usos do pasado na sociedade medieval.
- Potenciar no alumnado a conciencia da necesidade dun achegamento multidisciplinar ao estudo da cultura cortesá tardomedieval.
- Potenciar no alumnado a reflexión crítica sobre a metodoloxía utilizada nos estudos culturais tardomedievais.

CONTIDOS, TEÓRICOS E PRÁCTICOS

Tema 1. A sociedade feudal.

- 1.1. O entramado aristocrático.
- 1.2. O espacio como entidade diferenciadora da sociedade cortesá.
- 1.3. Vestir(se) a corte.
- 1.4. Modos corteses, etiqueta e ceremonial
- 1.5. O cortesán na rede.

Tema 2. Visións do pasado: Identidades aristocráticas no espello da historia.

- 2.1. Memoria e imaxes: a historia faise presente.
- 2.2. Formas de pensar e representar o pasado: dos cánones crónicos ao libro de historia ilustrado.
- 2.3. *Figurae* (I): A xenealoxía.
- 2.4. *Figurae* (II): A noción de *translatio imperii et studii*.
- 2.5. "El mayor fecho del mundo": A historia de Troia no imaxinario medieval.

Tema 3. O ideal cortés na literatura: aspectos críticos, dialéctica e inversión.

- 3.1. O debate sobre o 'amor cortés' nos trovadores occitanos. Guilhem de Peitieu, Marcabru e Bernart de Ventadorn.
- 3.2. A polémica da materia tristaniana. O amor cortés fronte aos principios da sociedade cristiá-feudal.
 - 3.2.1. Béroul e Thomas d'Angleterre.
 - 3.3. A lírica galego-portuguesa e a recepción do canto cortés.
 - 3.4. A codificación da poética cortés e a súa parodia.
 - 3.4.1. A inversión da muller ideal.
 - 3.4.2. Selección de tópicos trovadorescos. O servizo amoroso. A morte por amor.
 - 3.5. As sátiras da nobreza nas cantigas galego-portuguesas.

Tema 4. A adopción da lírica cortés no ámbito aristocrático galego e portugués.

- 4.1. A poesía medieval galego-portuguesa.
 - 4.1.1. Panorámica xeral.
 - 4.1.2. Puntos críticos. A reconstitución das coordenadas espazo-temporais.
- 4.2. A situación socio-política dos reinos de Galiza e de Portugal entre 1157 e 1230.
 - 4.2.1. As casas reais e a aristocracia da corte.
 - 4.2.2. As grandes liñaxes: Braganças, Cabreras, Minervas, Travas, Urgell, Vélaz etc.
 - 4.2.3. O poder relixioso.
- 4.3. O panorama cultural.
 - 4.3.1. Literatura e expresión artística. A cultura como emblema político.
 - 4.3.2. O problema das orixes da lírica galego-portuguesa. Hipóteses.
 - 4.3.3. As redes sociais e a expansión do trovadorismo.
 - 4.3.4. Outros aspectos da cultura literaria da aristocracia galega na Idade Media.
- 4.4. Poetas e cabaleiros: Joam Vélaz, Joam Soarez de Paiva, Osório Eanes, Pedro Pais Bazaco, Rodrigo Dias dos Cameros, Munio Fernandez de Mirapeixe, Fernando Pais de Tamalhancos, Joam Soarez Somesso, Nuno Eanes Cérceo, Airas Fernandez Carpancho, Pedro Garcia de Ambroa, Lopo Lias.

BIBLIOGRAFÍA

Tema 1

- Arias Guillén, F. y Martínez Sopena, P. (coords.), *Los espacios del rey. Poder y territorio en las monarquías hispánicas (siglos XII-XIV)*, Bilbao, Universidad del País Vasco, 2018.
- Beceiro Pita, I. (dir.), *Poder, piedad y devoción: Castilla y su entorno (siglos XII-XV)*, Madrid, Sílex, 2014.
- Chapman Hamilton, T., y Proctor-Tiffany, M. (eds.), *Moving Women, Moving Objects (400-1500)*, Leiden-Boston, Brill, 2019.
- Dacosta, A.-Prieto Lasa, J. R.-Díaz de Durana, J.R. (eds.), *La conciencia de los antepasados: la construcción de la memoria de la nobleza en la Baja Edad Media*, Madrid, Marcial Pons, 2014.
- Earenfight, T., *Queenship in Medieval Europe*, Nueva York, Palgrave Macmillan, 2014.
- Elias, N., *La sociedad cortesana*, México, Fondo de Cultura Económica, 2017 (1^a ed. 1969).
- Gaude Ferragu, M., *La reine au Moyen Âge. Pouvoir au féminin XIVe-XVe siècle*, París, Tallandier, 2014.
- Kantorowicz, E. H., *Los dos cuerpos del rey. Un estudio de teología política medieval*, Madrid, Alianza, 1985.
- Keen, M., *La caballería*, Barcelona, Ariel, 2008.
- López de Guereño Sanz, M. T., Miranda García, F., y Cabrera Sánchez, M. (eds.), *Migravit a seculo. Muerte y poder de príncipes en la Europa medieval: perspectivas comparadas*, Madrid, Sílex, 2021.
- Monsalvo Antón, J. M., *La construcción del poder real de la monarquía castellana (ss. XI-XV)*, Madrid, Marcial Pons, 2019.
- Morcel, J., *Aristocracia medieval: el dominio social en Occidente, siglos X-XV*, Valencia, Universitat de València, 2008.
- Pardo de Guevara y Valdés, E.J., *De linajes, parentelas y grupos de poder: aportaciones a la historia social de la nobleza bajomedieval*, Madrid, CSIC, 2012.
- Paredes Mirás, M.P., *Mentalidade nobiliaria e nobreza galega. Ideal e realidade na Baixa Idade Media*, Noia, Toxosoutos, 2002.
- Pascua Echegaray, E., *Nobleza y caballería en la Europa medieval*, Madrid, Síntesis, 2017.
- Pastoureau, M., *Una historia simbólica de la Edad Media occidental*, Buenos Aires, Katz, 2006.
- Quintanilla Raso, M. C., *La nobleza señorial en la Corona de Castilla*, Granada, Universidad de Granada, 2008.
- Rodríguez Velasco, J., *Order and chivalry. Knighthood and citizenship in Late Medieval Castile*, Philadelphia, University of Pennsylvania, 2010.

Tema 2

- Auerbach, E. *Figura*, Madrid, Trotta, 1998.
- Buchthal, H. *Historia Troiana: studies in the history of mediaeval secular illustration*, London, The Warburg Institute, 1971.
- Buettner, B. "Profane illuminations, secular illusions: manuscripts in late medieval courtly society", *The Art Bulletin* 74:1 (1992): 75-90.
- Carruthers, M. *The Book of Memory: a study of memory in medieval culture*, Cambridge: Cambridge University Press, 1990.
- Grafton, A. e M. Williams. *Christianity and the transformation of the book: Origen, Eusebius, and the library of Caesarea*, Cambridge, MA, Harvard University Press, 2006.
- Holladay, J., *Genealogy and the Politics of Representation in the High and Late Middle Ages*, Cambridge, Cambridge University Press, 2019.
- Klapish-Zuber, Ch. *L'Ombre des ancêtres: essai sur l'imaginaire médiévale de la parenté*, Paris, Fayard, 2000.
- Morrison, E. e A. D. Hedeman (eds.). *Imagining the Past in France: history in manuscript painting, 1250-1500*, Los Angeles, The J. P. Getty Museum, 2010.
- Schmitt, J.-C., *Le corps, les rites, les rêves, le temps: essais d'anthropologie médiévale*, Paris, Gallimard, 2001.
- Spiegel, G. M. *The Past as Text: the theory and practice of medieval historiography*, Baltimore, The Johns Hopkins University Press.

Tema 3

- Alvar, C. – Beltrán, V., *Antología de la poesía gallego-portuguesa*, Madrid, Alhambra, 1989.
- Bajtin, M., *La cultura popular en la Edad Media y el Renacimiento*, Madrid, Alianza Editorial, 1987.
- Baumgartner, E., *Tristan et Yseut. De la légende aux récits en vers*, Paris, PUF, 1987.
- Beltrán, V., *A cantiga de amor*, Vigo, Xerais, 1995.
- Bonafin, M., *Contesti della parodia*, Torino, UTET, 2001.
- Brea, M. - Lorenzo Gradín, P., *A cantiga de amigo*, Vigo, Xerais, 2000.
- Brusengar, R. *Le roman de Tristan. Le maschere di Béroul*, Roma, Salerno Editrice, 2001.
- Carrai, S. - G. Marrani, *Cocco Angiolieri e la poesia satirica medievale*, a cura di Stefano Carrai e Giuseppe Marrani, Firenze, Edizioni del Galluzzo, 2005.
- Di Girolamo, *I trovatori*, Torino, B. Boringhieri, 1989.
- Formisano, L. (ed.), *La lirica*, Bologna, Il Mulino, 1990.

- Girolamo, C. di, *I trovatori*, Bollati Boringhieri, Torino, 1989.
- Grundriss der Romanischen Literaturen des Mittelalters*, Heidelberg, Carl Winter, 1978, vol. IV.
- Lacy, N. J., e Grimbart, J. T. (eds.), *A Companion to Chrétien de Troyes*, Brewer, Rochester, 2005.
- Mancini, M., *I trovatori*, Torino, Edizioni dell'Orso, 1998.
- MedDB. Base de datos da lírica profana galego-portuguesa
<http://bernal.cirp.gal/ords/f?p=MEDDB3:2>
- Meneghetti, M., *Il pubblico dei trovatori*, Modena, Mucchi Editore, 1984.
- Pasero, N., Pastora contro cavaliere. Marcabruno contro Guglielmo IX, *Cultura Neolatina*, XLIII, 1983, pp. 9-25.
- Punzi, A., *Tristano. Storia di un mito*, Roma, Carocci, 2005.
- Riquer, M. de, *Los trovadores. Historia literaria y textos*, Barcelona, Planeta, 1989-1992, 3 vols.
- Scheidegger, J. R., *Le Roman de Renart ou le texte de la dérisio*n, Genève, Droz, 1989.
- Strubel, A., (dir), *Le Roman de Renart*, Paris, Gallimard, 1998.
- Suitner, F., *La poesia satirica e giocosa nell'età dei comuni*, Padova, Antenore, 1983.
- Tavani, G., *A poesía lírica galego-portuguesa*, Vigo, Galaxia, 1981.
- Varvaro, A., *Il Roman de Tristan di Béroul*, Torino, Bottega d'Erasmo, 1963.

Tema 4

- Brea, M. (coord.), *Lírica profana galego-portuguesa. Corpus completo das cantigas medievais, con estudio biográfico, análise retórica e bibliografía específica*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia-Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias Ramón Piñeiro, 1996, 2 vols.
- Miranda, J. C. Ribeiro, *Aurs mesclatz ab argen. Sobre a primeira geração de trovadores galego-portugueses*, Porto, Guarecer, 2004.
- Monteagudo, H., *Letras primeiras. O foral do Burgo de Caldelas, os primordios da lírica trobadoresca e a emerxencia do galego escrito*, A Coruña, Fundación Pedro Barrié de la Maza, 2008.
- Oliveira, A. Resende de, *Depois do espectáculo trovadoresco*, Lisboa, Colibri, 1995.
- Oliveira, A. Resende de, *O Trovador galego-português e o seu mundo*, Lisboa, Notícias, 2001.
- Souto Cabo, J. A., *Os cavaleiros que fizeram as cantigas. Aproximação às origens socioculturais da lírica galego-portuguesa*, Niterói, Editora da UFF, 2012.
- Souto Cabo, J. A. "Et de dona Guiomar nascio don Rodrigo Diaz de los Cameros. Figuras

femininas no patrocínio da lírica galego-portuguesa”, em E. Corral Díaz (ed.), *Voces de mujeres en la Edad Media*, Berlin/Boston, De Gruyter, 2018.

Souto Cabo, J. A. “Martim Codax e o fenómeno jogralesco na Galiza sul-occidental”, em A. Fernández Guerra e X. B. Arias Freixedo, *The Vindel Parchment and Martin Codax*, Amsterdam; Philadelphia, John Benjamins, 2018.

Tavani, G., *A poesia lírica galego-portuguesa*, Lisboa, Comunicação, 1988.

Vasconcelos, C. Michaëlis, *Cancioneiro da Ajuda*, Halle: Max Niemeyer, 2 vols., 1904 (Lisboa, Imprensa Nacional / Casa da Moeda, 1990).

Corpora textuais/bibliografía en rede

BEdT. Bibliografia elettronica dei Trovatori:

http://w3.uniroma1.it/bedt/-BEdT_03_20/index.aspx

BiRMED. Bibliografia de Referencia do Arquivo Galicia Medieval:

<http://bernal.cirp.gal/ords/f?p=114:50::::::::::>

Cantigas Medievais Galego Portuguesas:

<http://cantigas.fcsh.unl.pt>

Corpus des troubadours:

http://trobadors.iec.cat/autors_d.asp

MedDB: Base de datos da Lírica Profana Galego-Portuguesa:

www.cirp.es

Rialto. Repertorio informatizzato dell'antica letteratura trobadorica e occitana:

<http://www.rialto.unina.it/>

Lucía Megías, J. M., *Literatura románica en Internet. Los textos*, Madrid, Castalia, 2002.

Lucía Megías, J. M.-Vargas Díaz-Toledo, A. (coords.), *Literatura románica en Internet. Las herramientas*, Madrid, Castalia, 2006.

COMPETENCIAS QUE SE DEBEN CONSEGUIR

- Coñecemento por parte do alumnado das características básicas da sociedade feudal e dos seus parámetros culturais.
- Coñecemento por parte dos estudiantes da cultura cabaleiresca e da cultura da morte relacionada cos cabaleiros na época medieval.
- Capacidade por parte do alumnado para coñecer as limitacións ou as contradicións xurdidas da oposición tradicionalmente establecida entre cultura cortesá e cultura clerical.

- Coñecemento das características esenciais da literatura medieval a través da análise dos textos e autores más representativos.
- Capacidade para identificar os tópicos referidos ao amor cortés.
- Coñecemento dos mecanismos de inversión do código cortés na literatura satírica en lingua romance.
- Capacidade para analizar o imaxinario medieval relacionado coa idea do tempo e o pasado clásico.
- Manexo por parte do alumnado das novas metodoloxías de interpretación da cultura visual tardomedieval.
- Fomento entre os estudiantes da necesidade de proceder a unha abordaxe interdisciplinar no estudo da cultura medieval.

METODOLOXÍA E RECURSOS

A materia consta de 6 créditos ECTS, equivalentes a 150 horas de traballo do alumno. Deste conxunto, 75 horas (50%) serán dedicadas a traballo orientado polos profesores e as outras 75 horas (50%) a traballo libre por parte dos alumnos. As horas de traballo dirixido distribuiranse en 45 de actividades formativas presenciais (o que supón 30% do traballo total) e 30 de actividades dirixidas non presenciais.

As actividades formativas presenciais que se realizarán son as seguintes:

1. Clases teóricas dedicadas á explicación e comprensión dos contidos obxecto de estudio. Esas clases serán impartidas polos profesores. Para as explicacións utilizaranse os recursos tecnolóxicos de apoio (audiovisuais e informáticos) oportunos.
2. Clases prácticas dedicadas á lectura e comentario de textos e á análise de obras de arte medieval que sirvan de modelo dos contidos teóricos estudiados, e clases prácticas dedicadas ao traballo cos instrumentos necesarios para a actividade académica e investigadora no ámbito dos estudos sobre sociedade feudal e cultura cortés. Estas clases prácticas estarán dirixidas polos profesores, pero buscarán a participación activa do alumnado, tanto no desenvolvemento e resolución de exercicios realizados colectivamente na aula, como na preparación persoal dalgún exercicio, para a posterior posta en común. Para as clases prácticas tamén se usarán os recursos tecnolóxicos que poidan ser útiles.

3. Titorías individuais ou en grupo reducido para o seguimento do proceso de aprendizaxe e para o seguimento, no seu momento, dos traballos que deben realizarse.

As actividades formativas non presenciais incluirán:

1. Principalmente, o traballo autónomo do alumno, que este organizará persoal e libremente para a correcta aprendizaxe dos coñecementos e para a adquisición das competencias obxectivo da materia. Ese traballo necesariamente debe incluír síntese, estudo e asimilación da información recibida, lecturas complementarias e procura de nova información, elaboración de traballos, etc.
2. Elaboración e redacción dun traballo de aplicación práctica dalgún aspecto tratado na materia.

SISTEMA DE AVALIACIÓN

Para avaliar os resultados da aprendizaxe utilizaranse os métodos e criterios que a continuación se detallan, e as cualificacións correspondentes indicaranse de acordo coa legislación vixente:

1. Avaliación continua; valorarase a participación activa e continuada do alumnado nas actividades presenciais desenvolvidas. Suporá o 30% da cualificación total.
2. Realización dun traballo academicamente dirixido (dunha extensión máxima de 12-15 folios), que suporá o 70% restante da cualificación total. Valorarase a calidad da redacción e do contido, que deberán reflectir o dominio dos principios metodolóxicos básicos e o coñecemento dos contidos esenciais da materia.

O sistema de cualificacións empregado para valorar a aprendizaxe dos estudiantes expresarase mediante cualificacións numéricas, segundo o establecido no RD 1125/2003 de 5 de setembro.

O sistema de avaliação será o mesmo en calquera das dúas oportunidades (maio e xullo). **A data final de entrega dos traballos será o 30 de maio de 2025 para a primeira oportunidade e o 20 de xuño para a segunda. Todos os traballos deberán ser orientados por un tutor. Deberase entregar unha copia impresa a cada profesor.**

Os alumnos que teñan dispensa oficial para asistir ás clases terán que presentar outro traballo (de dez páxinas) que se lle indicará o día da presentación do módulo.

Nos traballos das materias debe evitarse toda forma de plaxio e, mesmo, de autoplaxio. Isto é, non é lícito aproveitar partes duns traballos noutros áinda que sexan da autoría do mesmo estudante.

Terase, por tanto, especial vixilancia con esta práctica. Cando nun traballo se detecte a copia literal (total ou parcial), dun parágrafo exacto ao escrito noutro traballo, porase en coñecemento do estudiante para que o modifique. No caso de que non teña en conta estas indicacións, o traballo pode ser cualificado como Suspenso. En calquera caso, queda sometida á decisión do grupo de profesores da materia a consideración dos casos particularmente ambiguos.

OUTRAS INFORMACIÓNS DE UTILIDADE

ORGANIGRAMA DO DESENVOLVEMENTO DA MATERIA

Cada profesor explicará na sesión de presentación da materia o cronograma de desenvolvemento dos seus temas.

En caso de que o profesor faga uso da plataforma virtual correspondente, as indicacións alí consignadas deben ser seguidas polos alumnos.

Contémplase a posibilidade de realizar unha viaxe de estudos que será vinculada en termos de horas lectivas á disciplina.

RELACIÓN DE TRABALLOS PROPOSTOS

Adxudicaranse os traballos tendo en conta os criterios dos profesores.

Criterios que deben seguirse para a realización do Traballo monográfico individual:

En función do tema da súa elección, cada estudiante traballará baixo a tutela dun dos profesores da materia, e dispoñerá de prazo ata o día que aparece fixado na guía docente para entregar a versión definitiva do traballo escrito, que se deberá ater ás seguintes pautas:

1. Trátase dun traballo de iniciación á investigación, polo cal ten que combinar as observacións persoais co estado da cuestión sobre o tema.
2. É fundamental a observación atenta dos materiais obxecto de estudio.
3. Non se debe abusar das citas bibliográficas extensas; é preferíbel recoller as ideas principais e remitir ás obras en cuestión para completar a información.
4. Extensión máxima: quince folios, en letra de corpo 12, con interlineado de 1,5 liñas (salvo para as notas a rodapé, que irán en corpo 10).
5. Bibliografía: ao final do traballo, seguindo un dos seguintes modelos:
 - a) Apelido, N. (ano), *título*, lugar: editorial. // Apelido, N. (ano), “título”, *revista*, vol., pp. // Apelido, N. (ano), “título”, *título da miscelánea*, lugar: editorial, pp.
 - b) Apelido, N., *título*, lugar: editorial, ano // Apelido, N., “título”, *revista*, vol., ano, pp. // Apelido, N., “título”, *título da miscelánea*, lugar: editorial, ano, pp.
6. Referencias bibliográficas no texto do traballo ou en notas a rodapé: abreviadas:
 - a) Apelido, ano: pp.;
 - b) Apelido, *tít. abrev.*, pp.
7. Coidarase de xeito especial a redacción e a puntuación.
8. Non pode faltar un índice ao principio do traballo, nin unha breve introdución que explique os obxectivos que se persegue. Asimesmo, redactarase un apartado de conclusóns, no que se dea conta dos resultados conseguidos.

Tempo de estudos e de traballo persoal que debe dedicar un estudiante para superar esta materia:

[Horas presenciais / Horas non presenciais dirixidas / Horas non presenciais libres: Total]

Clases teóricas - 19 / 5 / 30: 54

Clases prácticas - 19 / 5 / 30: 54

Traballo-debate - 5 / 20 / 15: 40

Titorías individuais ou en grupo reducido - 2 --- --- 2

Total 45/ 30 / 75: 150